CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas, usando estruturas e léxico elementais, relacionadas co contido desta UD.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co verán e as actividades de lecer.	TI	80
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar con interese en facelo o mellor posible.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Iniciarse no proceso que describe o CA2.2 contando coa axuda doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Poñer interese e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.</li> <li>- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Festivals	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras e frases previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa celebración do entroido.	PE	40
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas, usando estruturas e léxico elementais, relacionadas co contido desta UD.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar con interese en facelo o mellor posible.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	TI	60
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> </ul>

## Contidos

- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. A aprendizaxe competencial persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só han de adquirir uns coñecementos, senón que han de ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos non só xan capaces de aprender, senón tamén de aprender a aprender, aprender a convivir e a facer. As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións ..

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; E importante a flexibilidade de modo que todos poidan participar e encontren actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso. Buscarase un apoio para aqueles nenos/ás que o requiran. Para iso, faranse actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade baséase na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, promover estratexias de comunicación e potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas. Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro prodúcese de forma natural, cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua.

Desenrolo das clases

O traballo na aula secuenciarase normalmente da seguinte forma:

- Warm-up
- Presentación da sesión e repasos
- Actividades orais e escritas sobre o que se trata na unidade didáctica correspondente: grupo clase, parellas,



individual.

- Actividades de apoio e reforzo.
- fast-finishers: elaboración de dicionarios ilustrados, fichas, lectura libros da biblioteca de aula,...
- Avaliación: análise de producións, cadernos, exposicións orais, observación directa e sistemática na aula.

A metodoloxía poderíamos resumila en:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos
- Progresiva e coitada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a, que favorecen a súa comprensión.
- Exercicios e actividades diversificadas: traballo individual e en grupo, e actividades que traballan contidos fundamentais, secuenciados por niveis de dificultade.
- Fichas de reforzo para traballar os aspectos con máis dificultade

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

A importante incorporación das TIC na educación, proporciona diversos recursos materiais que ofrecen ao profesor a posibilidade de deseñar súas clases de forma personalizada e axustando-se as necesidades de cada momento:

- Vídeo
- DVD
- TV
- Reprodutor CD
- Ordenadores (PC, portátiles, ...)
- Pantalla Digital Interactiva
- Conexión a Internet (WiFi, Outros...)

Materiais do alumnado e do profesor O libro de texto utilizado é Amazing Rooftops de Oxford University Press. O alumno dispón de:

- Class book cunha unidade introdutoria e seis unidades con oito leccións cada unha nas que se presenta o contido clave, material sobre festas e MultiROM con todas as cancións e historias do curso e xogos interactivos.
- Activity book cunha páxina de reforzo e tres de ampliación para cada unidade, tres láminas de repaso de vocabulario.

O mestre dispón da Guía didáctica (Teacher's Guide), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxestións para actividades extra e ideas, o texto das gravacións e as respostas, unha lista de vocabulario e outra da linguaxe da aula.

O Teacher's Resource Pack contén actividades para a práctica adicional sobre as historias, vocabulario, gramática. Dispón dun DVD con rimas tradicionais sinxelas, cancións interpretadas por nenos e diálogos sinxelos; os CDs de audio con todas as cancións, historias e audicións. Contén ademais: flashcards, wordcards, story cards, posters etc. Tamén se dispón do Teacher's Resource con material para axudara elaborar follas de actividades. E por último, os recursos na web Oxford Online Learning Zone con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula. Os recursos multimedia mencionados (Teacher's Resource CD-ROM, DVD e a web) integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo adoptar as mellores solucións dixitais de acordo ao alumnado ou ao centro.

Incorporación das TIC na aula:

- Pantalla interactiva: Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir de eso todo son posibilidades.

- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/Games> to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/><https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Outros xogos: Memory games, Simon says, Match it.,Guess it.,What's missing?

- Historias e contos publicados na rede:
- Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)
- De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas: adiviñar a tarxeta;\* memory game;\* facer parellas
- Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose no grupo de alumnado centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

A aprendizaxe do alumno debe ser avaliada sistemática e periódicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para introducir no proceso educativo cantas modificacións sexan precisas. As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis: Avaliación inicial: Durante os primeiros días de clase realizaranse actividades que permitirán valorar o nivel xeral que presenta o alumnado nesta área. Neste curso utilizaremos a unidade de warm up

Actividades de avaliación formativa onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades. Tomaránse en consideración todas as producións, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, presentacións orais, actividades de clase, lecturas, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión da auto-avaliación entre outros.

Actividades de avaliación sumativa as probas escritas e as de recuperación desenvólvense coa realización das diversas actividades referidas no método : Unit tests 1-6, End-of-term test 1-3 Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	20	40	40	40	20	40	<b>34</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	80	60	60	60	80	60	<b>66</b>

### Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación

Cualificacións: Nota media das diferentes notas nos diferentes apartados

- Das probas/exames/tests: cada unha das actividades incluídas será valorada en función da súa dificultade e a suma de todas elas será de 10.

- Actividades no caderno e/ou fichas: terase en conta os contidos, o ter as tarefas completadas, a presentación ordenada e limpa. Restaranse puntos se os traballos non están completos na data final de entrega, se non están ben presentados e se teñen moitas faltas.

- Observación: anotarase as incidencias positivas e negativas de cada un dos alumnos en canto a todo o proceso ensino-aprendizaxe: o esforzo, a atención, o interese en xeral, traer todo o material necesario e o bo comportamento serán valorados de forma positiva. As actitudes contrarias serán valoradas de forma negativa.

O 40% da nota virá dada por os test obxectivos, o 40% polo traballo diario e o 20% restante polo esforzo, interese, comportamento e cumprimento das normas... Non obstante poderá haber excepcións en casos extremos.

No proceso de avaliación, identificamos cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro usamos a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior:

- Insuficiente (IN): Non conseguido. - Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos. - Ben (B): Conseguido con nivel medio. - Notable (NT): conseguido con nivel alto. - Sobresaínte (SB): Conseguido totalmente

### Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Recuperación: unha vez analizados os motivos da non superación dunha proba, adoptaranse medidas para acadar unha mellora dos resultados finais e lograr unha mellora a curto ou longo prazo.

Apoios e reforzos educativos serían as medidas idóneas a adoptar.

- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.

- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente durante a etapa, a atención personalizada dos alumnos e alumnas, a realización de diagnósticos precoces e o establecemento de mecanismos de reforzo, deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares.

Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

En moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxetivos establecidos.

Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de formas diferentes das actividades propostas no libro do alumno e no caderno.

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Avaliacións adaptadas para as necesidades destes alumnos

Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: se facilitarán contidos e materiais de extensión adecuados as súas necesidades para permitirles alcanzar o máximo do seu potencial..

Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, tomaránse as seguintes medidas:

Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas.

Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais.

Faranse uso de FICHAS DE REFORZO E AMPLIACIÓN para adaptar ás necesidades educativas do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes			X		X		X
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X					X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos		X		X			

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola.	samaín, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, día da paz			
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Christmas, Saint Patrick, Carnival, Easter			

### Observacións:

Observacións: Actividades extraescolares: Levaranse a cabo todas aquelas que aparezan no PXA Familiarización co mundo cultural dos países de fala inglesa e o xeito en que celebran: Halloween, Christmas, Carnival, Easter.

Actividades complementarias: hai que engadir actividades adicionais da Teacher's Guide. Actividades propostas no Teacher's Resource pack. .As actividades deseñadas polo mestre e o material dispoñible no Teacher's Resource CD-ROM

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
.Adecuación dos obxectivos e contidos as características do alumnado
Adecuación dos criterios de avaliación as necesidades do alumnado
Aprendizaxes acadas polo alumnado
Medidas de atención a diversidade
Organización da aula
Aproveitamento dos recursos dispoñibles
Procedemento de avaliación do alumnado

### Descrición:

Debe avaliarse o proceso de aprendizaxe do alumno e tamén o proceso de ensinanza.

Neste sentido, os datos aportados pola avaliación continua dos alumnos será necesario engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades de ensinanza deseñadas e dos recursos materiais e persoais empregados. Tamén se avaliarán os tempos e espazos previstos, así como a agrupación de alumnos, os criterios de avaliación aplicados e a propia actuación do profesor.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

A avaliación da propia práctica docente do profesorado, ben sexa de forma individual ou do conxunto do equipo docente, revélase como unha das estratexias de formación máis potentes para mellorar a calidade da ensinanza e aprendizaxe. A avaliación da intervención educativa debe ser continua, por iso, convén tomar datos ao longo do proceso para facer os cambios axeitados no momento oportuno.

## 9. Outros apartados

Borrador